

## ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Sesión do 22 de xaneiro de 2007

### SEÑORES/AS ASISTENTES:

D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez  
D. José Manuel Figueroa Vila  
D<sup>a</sup>. Lucia Molares Pérez  
D<sup>a</sup>. Soledad Polo Lima  
D. Carlos Comesaña Abalde  
D. Antonio Coello Bufill  
D. José Manuel Couto Pérez  
D<sup>a</sup>. Marta Iglesias Bueno

### NON ASISTEN:

D. Ignacio López-Chaves Castro.  
D. Javier Jorge Guerra Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vintedous de xaneiro de dous mil sete e baixo a presidencia da Excm. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Figueroa Dorrego.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(18).- ACTA ANTERIOR.** Apróbanse as actas das sesións ordinarias do 18 e 26 de decembro de 2006, 8 de xaneiro de 2007 e extraordinaria e urxente do 29 de decembro de 2006. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

**2(19).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 1/1715, 1/1208, 2/1108, 22/1441, 3/1217, 3/1215, 11/261, 11/1458, 11/1428.**

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes do xefe de Sector de Acción Social, conformados pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no fogar as seguintes persoas:

- D<sup>a</sup>. Manuela Deaño Lois. Expte. 1/1715.
- D<sup>a</sup>. Esperanza Alcayne Varela. Expte. 1/1208.

- D<sup>a</sup>. Celia Rodríguez Otero. Expte. 2/1108.
- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Angeles Aguiar Lima. Expte. 23/1441.
- D<sup>a</sup>. Emilia Sacarrera Gestal. Expte. 3/1217.
- D. Vicente Méndez Justo. Expte. 3/1215.
- D<sup>a</sup>. María Puente Blanco. Expte. 11/1428.
- D. José Román Rodríguez. Expte. 11/1458.
- D<sup>a</sup>. Milagros Barciela Lago. Expte. 11/261.

**3(20).- FIXACIÓN DE PREZOS DE VENDA DE ENTRADAS PARA OS ESPECTÁCULOS PROGRAMADOS DENTRO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS PARA O PRIMEIRO SEMESTRE DE 2007. EXPTE. 10054/331.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de actividades culturais, do 8.01.07, conformado polo concelleiro da Área de Asuntos Sociais e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Que se autoricen os seguintes prezos unitarios de venda de entradas para os espectáculos programados dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios no primeiro semestre de 2007, según o programa que se achega:

- Espectáculos dirixidos a público adulto: 5.-€
- Espectáculos dirixidos a público familiar: 3.-€ adultos e 2.-€ menores de 12 anos.

2º.- Que o ingreso da recaudación total se realice na conta de titularidade municipal 2080 0000 71 0040070137 á finalización da última das actuacións previstas.

**4(21).- PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A REALIZACIÓN DO MANTEMENTO DO TERREO DE XOGO DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS. EXPTE. 3861/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 3.01.07, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a prórroga para o período comprendido entre o 01-02-2007 e o 31-01-2008, do contrato para a realización do mantemento do terreo de xogo do Estadio Municipal de Balaídos, adxudicado á empresa CESPA, S.A., por acordo da Xunta de Goberno Local do 17.11.2003.

**5(22).- PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A DIRECCIÓN TÉCNICA DOS TRABALLOS DE MANTENIMENTO DOS CAMPOS DE FÚTBOL DE BALAIÓDOS, BARREIRO E A MADROA. EXPTE. 3859/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 3.01.07, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a prórroga para o período comprendido entre o 01-02-2007 e o 31-01-2008 do contrato para a dirección técnica dos traballos de mantemento dos campos de fútbol de Balaídos, Barreiro e A Madroa, adxudicado ao enxeñeiro don José Manuel Calderón Rodríguez, por acordo da Xunta de Goberno Local do 17.11.2003.

**6(23).- BASES PARA A SELECCIÓN DE OFICIAIS PARA O PROGRAMA BIAL –QUENDA 2007. EXPTE. 4112/77.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 17.01.07, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar as bases para a selección de oficias do “PROGRAMA BIAL”, para a quenda 2007, nos termos expostos nas bases que se achegan.

*BASES PARA A SELECCIÓN DE OFICIAIS DO PROGRAMA BIAL NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2004-2007 DA CONCELLARÍA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO DO CONCELLO DE VIGO (Quenda 2007)*

**1) DURACIÓN DAS CONTRATACIÓNS**

*Máximo 10 meses (ata o 31/12/07)*

**2) POSTOS DE TRABALLO**

- *OFICIAIS (albaneis, condutores, electricistas, ferreiros, fontaneiros, xardineiros) DO PROGRAMA BIAL (Brigadas de inserción e actuación local).*

*Dada a importancia destes postos de traballo para o bo funcionamento das obras/servizos que debe de executar o programa, os oficiais seleccionaranse en base a méritos profesionais. As persoas seleccionadas contrataranse en réxime de dereito laboral temporal de conformidade con algunhas das modalidades*

previstas no art. 15 do Estatuto dos Traballadores. En todos os casos, o persoal contratado estará suxeito á normativa de incompatibilidades do persoal que presta servizos na Administración Pública.

### 3) FUNCIONES E PERFIL REQUIRIDO

#### 1. – Funcións:

Organizar e controlar as obras que acometerán os traballadores beneficiarios do programa, en colaboración e baixo a dirección do xefe de equipo correspondente ou encargado da obra, e o responsable de obras, velando especialmente pola formación laboral dos peóns, e de xeito especial no relativo á saúde laboral e á prevención de riscos laborais.

#### 2.- Perfil

Persoa traballadora que, cos coñecementos teórico-prácticos precisos na rama correspondente, realiza, baixo a dependencia dos encargados e/ou xefes de equipo, con autonomía, aptitude, responsabilidade e iniciativa, a dirección e supervisión dos equipos de traballo ao seu cargo para a execución dos traballos ou obras a el/ela adscritos e de súa responsabilidade, baixo a supervisión dos superiores. Tamén colabora activamente na formación e perfeccionamento profesional das persoas beneficiarias do programa e responsabilízase do cumprimento das normas de seguridade e hixiene no traballo tanto a nivel xeral do plan como, especificamente, nos equipos de traballo ao seu cargo.

#### Valorarase:

- Experiencia profesional na súa categoría.
- Coñecementos teórico-prácticos:
  - ✓ Interpretación de planos xerais de obra.
  - ✓ Escalas métricas e conversión de medidas.
  - ✓ Cálculo de superficies, volumes elementais e medidas con cinta métrica.
  - ✓ Execución de partes de traballo.
  - ✓ Manipulación de útiles, ferramentas e manexo de maquinaria auxiliar.
  - ✓ Montaxe de medios auxiliares.
- Cualificación profesional para os traballos ou obras que se lle asignen.
- Experiencia no trato e manexo de colectivos en situación e/ou risco de desvantaxe social.
- Capacidade para desenvolver as tarefas asignadas segundo as especificacións técnicas ou instrucións recibidas.
- Coñecemento para a aplicación de boas prácticas en materia de prevención de riscos laborais.
- Capacidade para o traballo en equipo e coordinar tarefas e habilidades para a relación interpersoal.
- Sentido de responsabilidade e sensibilidade para a limpeza e o mantemento na área de traballo.
- Os oficiais condutores, terán que posuír, obrigatoriamente, os carnés de conducir C, D e E.

### 4) PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN

Concurso de méritos entre as persoas aspirantes convocadas mediante anuncio público na prensa local.

- ◆ As persoas candidatas presentarán o seu Currículo acreditado segundo os puntos seguintes deste apartado.

- ◆ Para acreditar a experiencia laboral (e a formación impartida) presentárase orixinal da vida laboral, ademais de fotocopias dos contratos de traballo/certificados de empresa. Se no contrato de traballo/certificado de empresa non se especifican claramente as funcións realizadas, achegarase unha certificación de funcións.
- ◆ Para acreditar a formación recibida presentárase fotocopia do diploma do centro/entidade de impartición, con número de horas. Os cursos que non especifiquen o número de horas non serán valorados.
- ◆ Baremaranse, unicamente, os currículos das persoas candidatas que reúnan o perfil considerado imprescindible para cada posto. No caso de non presentarse á convocatoria un número suficiente de candidaturas apropiadas, a Comisión de Selección valorará, para cada caso, a posibilidade de reducir as características requiridas como imprescindibles.
- ◆ Non se reclamará nin recollerá ningunha acreditación non presentada no prazo estipulado.
- ◆ Ás persoas candidatas por posto con maior puntuación no proceso de baremación, antes de pasar á entrevista, reclamaráselles a presentación de fotocopias compulsadas (ou cotexadas pola propia concellaría) das acreditacións (a non presentación desta documentación será causa de exclusión do proceso selectivo).

Proba práctica. Realizaranse probas prácticas a todas as persoas candidatas, relacionadas coas funcións que se desempeñarán en cada unha das especialidades. A realización das probas prácticas puntuarase de 1 a 4 puntos, cando a proba resulte “apta”; no caso contrario (“non apta”), a persoa candidata será descartada para optar ao posto. As probas serán deseñadas e aplicadas polo equipo técnico de BIAL.

Entrevista persoal ante a Comisión de Selección. Esta decidirá, para cada posto, cal será a puntuación mínima esixida (obtida nas fases de concurso de méritos e proba práctica) para acceder a esta fase, e será esta Comisión a encargada de realizar as entrevistas. A puntuación máxima da entrevista será de 5 puntos, que se sumarán á puntuación obtida nas fases anteriores, sempre que a persoa candidata obteña a calificación de “apta”, que se acadará cunha puntuación mínima de 1 punto. Sen esta calificación de apto na entrevista, a persoa candidata será excluída do proceso de selección.

A Comisión de Selección estará composta polos seguintes membros:

- ◆ A concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo, ou persoa en quen delegue.
- ◆ O xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, ou persoa en quen delegue.
- ◆ A Directora técnica do BIAL.
- ◆ Un/unha técnico/a municipal, nomeado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local.
- ◆ Un/unha representante da parte social do Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007, de acordo co estipulado no seu artigo 18.

## 5) BAREMO

*Experiencia laboral e/ou formación impartida directamente relacionada coa actividade para desenvolver: 0,1 puntos por mes (máximo 5 puntos).*

*Formación (recibida) directamente relacionada coa actividade a desenvolver (máximo 2 puntos):*

<i>Horas lectivas</i>	<i>Puntuación</i>
<i>De 20 a 49</i>	<i>0.1</i>
<i>De 50 a 99</i>	<i>0.2</i>
<i>De 100 a 199</i>	<i>0.3</i>
<i>De 200 a 299</i>	<i>0.4</i>
<i>300 ou máis</i>	<i>0.5</i>

*Outros méritos directamente relacionados: ata un máximo de 1 punto.*

#### 6) PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

*Prazo: 10 días hábiles a partir do día seguinte ao da data de publicación do anuncio.*

*Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo. Praza do Rei s/n. (Vigo). Dirixido á Comisión de Selección do Programa BIAL, Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego.*

*Horario de entrega: de 9:00 a 13:00 horas.*

*Documentación para entregar: Instancia solicitando participar no proceso de selección definindo o posto ao que opte, Currículo Vitae, orixinal da vida laboral actualizada, fotocopia das acreditacións e do DNI (entregarase instancia, Currículo Vitae, orixinal da vida laboral, fotocopia das acreditacións e do DNI por cada posto ao que opte).*

*Máis información no teléfono 986 263068 ou nas oficinas do programa BIAL sitas no Parque Central de Servizos do Concello -rúa Bagunda 1-, onde tamén poderán recollerse as bases do proceso de selección.*

#### **7(24).- MODIFICACIÓN DA DURACIÓN DOS CONTRATOS DA QUENDA 2007 DO PROGRAMA BIAL. EXPTE. 4211/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, d o 17.01.07, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, que di o seguinte:

*O Programa BIAL (Brigadas de inserción e actuación local) supón a maior aportación económica do Concello de Vigo ao conxunto de actividades que compoñen o Plan municipal de emprego 2004-2007.*

*Dada a complexidade do proceso de selección de beneficiarios (recabouse información de diferentes organismos e administracións públicas, e as súas respostas non son inmediatas) e o alto número de persoas candidatas, na resolución dos procesos de selección das anteriores quendas do programa producíronse demoras, que, acumuladas, deron coa incursión dos contratos da quenda dun ano, no ano seguinte. Deste xeito, a quenda 2006 das brigadas de beneficiarios de Bial remata o 28 de febreiro de 2007. As dificultades loxísticas (veículos e condutores para os desprazamentos) e de capacidade de acollida das instalacións municipais de Sta. Cristina (ubicación do programa) supuxeron a imposibilidade de solapar quendas para mitigar o desfase descrito. Así, a quenda 2007 ten previsto iniciarse o 1 de marzo de 2007.*

*Por outra banda, o Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007, ferramenta imprescindible para a xestión do Plan, ten lóxicamente a mesma vixencia que este, é dicir, ata o 31 de decembro de 2007.*

*Así, desde o servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, propúxose unha modificación no sentido de axustar, na última quenda do programa, a duración dos contratos co período de vixencia do Plan, é dicir, modificar a duración prevista dos contratos da quenda, de 12 meses a, aproximadamente, 10 meses. A Comisión Paritaria de Seguimento do Acordo marco, na súa sesión de data 16/01/07, deu conformidade á proposta presentada neste sentido (achégase copia).*

*Por todo o exposto, o funcionario que subscribe propón á Xunta de Goberno Local que adopte a seguinte resolución:*

- *Modificar a característica de duración temporal das contratacións do Programa BIAL, dentro do Plan municipal de emprego 2004-2007, no sentido de adaptala á duración real do propio PME e da súa ferramenta de regulación (o Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME 04-07), é dicir, as novas contratacións terán como data de finalización o 31 de decembro de 2007.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(25).- CONTRATACIÓN DE MONITORAS PARA O PROGRAMA “MOLLÉMONOS O CAMIÑO ELÍXELO TÍ”. EXPTE. 2771/224.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica do departamento de Muller, conformado pola concelleira delegada de Muller e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto por importe global de 37.620.-€ , con cargo á partida 463.2.226.06.00 e bolsa de vinculación xurídica do presuposto vixente, para facer fronte á realización dos cursos seleccionados ó abeiro do disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004.

2º.- Contratar polo procedemento negociado previsto no apartado b) do artigo 210 do Real Decreto lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, e segundo o previsto nas bases do concurso de ideas para elaboración e desenvolvemento de proxectos e actividades para o programa de formación e animación sociocultural da Concellería da Muller “Mollémonos, o camiño elíxelo tí”, na convocatoria 2006/2007, aprobadas pola Xunta de Goberno Local do día 13 de xuño de 2006, con:

✓ Asociación de Mulleres Monitoras (Proposta 19) CIF: G.36777613

Monitora: Nieves Díaz Arza

Curso: Esmalte en frío

Horas: 15  
Vocalías: AV Teis  
Curso: Marquetería de carei, nácarta e cuncha  
Horas: 30  
Vocalías: AV As Fontes de Vilar  
Curso: One-stroke multicarga do pincel  
Horas: 15  
Vocalías: AV San Xoán Poulo e AVR Zamáns  
Curso: Pintura en tea, seda e estencil  
Horas: 30  
Vocalías: ACD Xestas e A.M. Agarimo

Monitora: Sandra Álvarez Riesgo

Curso: Ritmos latinos, terapia do corpo e da mente  
Horas: 15  
Vocalías: Asociación de Mulleres Lúa  
Horas: 30  
Vocalías: A.V. Teis, A.V. San Xoan Poulo e A.V. Candean  
Curso: Corrección postural-método pilates  
Horas: 30  
Vocalías: A.V. Casco Vello

Monitora: M<sup>a</sup> Pilar Fernández Pérez

Curso: Axilidade mental e práctica de memoria  
Horas: 45  
Vocalías: AV Matamá  
Horas: 15  
Vocalías: AA EPA  
Curso: Técnicas para recordar  
Horas: 15  
Vocalías: AV Salgueira

Monitora: M<sup>a</sup> José Tarrío Aba

Curso: Arte Floral artificial  
Horas: 15  
Vocalías: AV Calvario  
Curso: Arte Floral natural  
Horas: 30  
Vocalías: A. Amigos del Rocío  
Prezo hora: 33€  
Contía: 12.870,00 Euros



✓ Aula Sísifo de Formación SL (Proposta 26) CIF: B36917201

Monitora: Nuria Couso Prado e M<sup>a</sup> Luisa Prado López

Curso: Ponte en marcha

Horas: 45

Vocalías: SCR Pardavila

Monitora: Josefa Costas Gutierrez e Patricia Comesaña Álvarez

Curso: Repuxado en coiro

Horas: 30

Vocalías: A. AA. EPA Artes e Oficios

Monitora: Eva María Vila Barros

Curso: Facendo Teatro

Horas: 30

Vocalías: A. VV. A Paz

Monitora: Dolores Alonso Lorenzo

Curso: Quiromasaxe integral

Horas: 15

Vocalías: Federación Peñas “El Olivo”

Horas: 30

Vocalías: A.M. Xestas

Curso: Masaxe, a terapia do tacto

Horas: 30

Vocalías: A.V. San Xurxo de Saiáns

Monitora: Marina González Ferreiros

Curso: Ritmo, xogos e diversión

Horas: 45

Vocalías: AV Rúas e Fontes

Monitora: Rosana Araújo Hernández

Curso: Mirar e entender a nosa arte

Horas: 15

Vocalías: A. Amas de Casa Agarimo, Asociación Galega Amigos del Rocio e AV Fonte do Galo

Horas: 30

Vocalías: A.V.R. San Mamede de Zamáns

Curso: Galegas e galegos na historia

Horas: 15

Vocalías: Unión CM de Consumidores

Horas: 30

Vocalías: A.V. O Carballo Sárdoma e A.V. A Nosa Terra Alcabre

Monitora: Mirian Rodríguez Comesaña

Curso: Saber comer e saber comprar

Horas: 15

Vocalías: S.C.R.D. Nautilus Comesaña

Monitora: M<sup>a</sup> Carmen Ledo Rodríguez

Curso: Iniciación a cestería

Horas: 30

Vocalías: A.VV. Cabral Feria

Monitora: Ninoska Machín Martínez

Curso: Ioga

Horas: 15

Vocalías: ACD Xestas e AM Rosalía de Castro

Curso: Estiramientos, relaxación e conciencia corporal

Horas: 30

Vocalías: A.V. Rosalía Castro Salgueira

Monitora: Marcela Claudia D´Ambrosio

Curso: Intelixencia emocional e resolución de conflitos

Horas: 30

Vocalías: A.V. Doutor Fleming

Curso: Axilidade mental-como potenciar a memoria

Horas: 30

Vocalías: A. VV. Praza da Miñoa

Monitora: Silvia Alonso Prado

Curso: Risoterapia

Horas: 15

Vocalías: A.V.C.D. Candeán, A. VV. Val do Fragoso e A. V. A Paz

Horas: 30

Vocalías: A.V. Camiño Vello de Coia e A. V. Sampaio

Monitora: Susana Sobral Vega

Curso: Restauración de mobles

Horas: 15

Vocalías: AV San Paio de Navia

Monitora: Amalia Vicente Álvarez

Curso: Elaboración de licores caseiros  
Horas: 15  
Vocalías: CRAC Coruxo e A. V. Val do Fragoso

Curso: Reparacións domésticas  
Horas: 30  
Vocalías: A.M. Lúa Bembrive  
Curso: Albúm de recordos  
Horas: 30  
Vocalías: A. Persoas Xordas  
Prezo hora: 33€  
Contía: 24.750,00 Euros

**9(26).- PRÓRROGA POR UN ANO DO CONTRATO DA CASA DE ACOLLIDA PARA MULLERES MALTRATADAS. EXPTE. 2760/224.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica do departamento de Muller, de 4.01.07, conformado polo xefe de negociado de Contratación, concelleira delegada de Muller e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar unha prórroga dun ano de contrato da Casa de Acollida para mulleres maltratadas, que abranguería dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2007, ambos incluídos, co “Grupo de Estudos sobre a condición da Muller – Alecrín”, CIF G-36.633.154, empresa adxudicataria do servizo de acordo coa cláusula quinta do prego de cláusulas administrativas aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión de 17 de novembro de 2003, que rexen o contrato.

2º.- Aprobar o gasto de 312.379,43 euros con cargo a partida presupostaria 463.2.227.06.00 e bolsa de vinculación xurídica, do presuposto vixente para o exercicio de 2007, para facer fronte os gastos que orixina a adxudicación do contrato do servizo no período da prórroga de contrato correspondente ao período: xaneiro a decembro de 2007 (ambos incluídos)”

**10(27).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> TERESA CAMESELLE BARCIA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 253/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 16.01.07, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Dona María Teresa Cameselle Barcia presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 05 de xullo de 2004, no que expón que tivo unha caída por mor do mal estado do pavimento, producíndose diversos danos de carácter físico. Nun escrito posterior indica que o lugar da caída foi na rúa Montero Ríos (no paseo sito enfrente ó edificio da Xunta de Galicia).*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 23/11/2004, manifestando que a rúa Montero Ríos foi reparada polo Concello en varios puntos que podían ofrecer perigo para os viandantes.*
- Informe do servizo da Policía Local, de data 07/12/2004, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 28/02/2005, manifestando descoñeceren o lugar exacto onde se produciu a caída da Sra. Cameselle.*
- Práctica de proba testifical, en data 25/05/2005, á unha das testemuñas propostas pola reclamante, que chegou ó lugar do accidente unha vez que a Sra. Cameselle xa estaba caída.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 21/07/2005, sobre o lugar onde a Sra. Cameselle indica ter ocorrido o accidente.*
- Práctica de proba testifical, en data 04/07/2006, a unha das testemuñas proposta pola reclamante, que confirma os extremos alegados pola Sra. Cameselle.*
- Ditame desestimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, ó considerar que a caída puido producirse por unha vertixe periférica e non por un tropezo.*
- Evacuase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 31/10/2005.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 20/11/2006, sobre o lugar onde a Sra. Cameselle indica ter ocorrido o accidente, no que indican que no momento da caída os debuxos da beirarrúa nos que a reclamante afirma ter caído tiñan unha profundidade suficiente para producir tropezo.*

*Fundamentos de dereito:*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento Administrativo Común:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.*

*Dos ditames médicos de valoración dos danos corporais emitidos pola asesoría médica do Concello de data 18/01/2005 e 23/10/2006, despréndese que, tal como literalmente se di neste último ditame, “no existe ningún documento físico ni prueba, en mi opinión, que justifique que la caída se produce por un tropezón. El informe de la Dra. Teresa Fernández Herrero no se ajusta a la realidad, tal y como refleja el parte de asistencia del Hospital Xeral, y entre la etiología del Vértigo periférico no se encuentran las lesiones óseas distales de miembro superior. En mi opinión, se trata de una caída por inestabilidad, producida por un Vértigo Periférico.”. Non existe pois relación de causalidade entre a caída causante dos danos e o funcionamento dun servizo público municipal.*

*Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar a reclamación patrimonial presentada por Dna. María teresa Cameselle Barcia por unha caída ocorrida na rúa Montero Ríos por non se dar unha relación de causalidade entre a caída causante dos danos e o funcionamento dun servizo público municipal”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **11(28).-RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> CARMEN PÉREZ LARRAM DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 440/243. ESTIMADA PARCIALMENTE.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 3.01.07, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*Dna. Carmen Pérez Larrán presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 17 de decembro de 2004, no que expón que o día 21 de maio de 2004, mentres camiñaba pola rúa López Mora, á altura do número 80, tivo unha caída, por mor dunhas baldosas que se atopaban levantadas, producíndose danos de carácter físico e material (anteollos).*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Parte do servizo da Policía Local, con data 21/05/2004, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, comprobán a identidade da reclamante e a existencia de dúas baldosas soltas, sinalizando o lugar.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 10/02/2005, manifestando que a zona foi reparada en novembro de 2004.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 4.797,75 euros.*
- Práctica de proba testifical, con data 21/06/2005, a testemuña proposta pola reclamante, que confirma os extremos alegados pola Sra. Pérez, indicando que a baldosa levantada era moi visíbel a distancia.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 29/07/2005.*

*Fundamentos de dereito:*

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Da instrucción practicada, dedúcese que concorren no presente caso os requisitos esixidos legalmente para apreciar a existencia de responsabilidade patrimonial da Administración, aínda cando a súa cuantificación económica non sexa a demandada pola reclamante, que, sen ningún tipo de razoamento, cifra en 18.165,02 euro, basándose nun informe por ela achegado pola Asesoría Médica Baena-Cuñarro S.L. no que se bareman os danos con arranxo á Lei 34/2003, pero non se cuantifican. No entanto, o informe da asesoría médica do Concello valora os ditos danos e cuantifícaos, incluído o importe dos anteollos, en 4.797,75 euros.

Á falta de outros criterios de proba, a discrepancia entre ambos informes ha de resolverse a favor do emitido polos servizos médicos municipais, xa que se ha de presumir deles unha maior imparcialidade que dos emitidos por técnicos designados polos interesados.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Estimar parcialmente a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Carmen Pérez Larrán, por mor dunha caída ocorrida o día 21 de maio de 2004 na rúa López Mora, e indemnizala na contía de 4.797,75 euros”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **12(29).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D<sup>a</sup>. LISA FERNÁNDE HUME CONTRA DESESTIMACIÓN DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 15086/240. DESESTIMADO.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 16.01.07, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Dna. Lisa Fernández Hume, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 22 de maio de 2006, interpón recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno local de data 20 de marzo de 2006, na que se ten por desestimada a súa reclamación de responsabilidade patrimonial, formulada en data 14/05/2002, polos danos e perdas consecuencia dunha caída na vía pública.*

*A devandita resolución foi notificada á reclamante en data 21 de abril de 2006 coa indicación dos recursos de que era susceptible e os respectivos prazos para a súa interposición.*

*Fundamentos xurídicos:*

*Primeiro.- O artigo 116 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP) permite ós interesados recorrer postestativamente en reposición os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa ante o mesmo órgano que os teña dictado, que deberá fundarse en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 62 e 63 da mesma lei (artigo 107 LRXAP), fixando o artigo 117 LRXAP o prazo para a súa interposición nun mes se o acto fose expreso, como no caso que nos ocupa.*

*Segundo.- No seu escrito de recurso, a Sra. Fernández Hume limitase a formular unha serie de consideracións sobre a responsabilidade patrimonial da Administración, pero non presenta ningún elemento que desvirtúe o feito fundamental que motivou o acordo desestimatorio da reclamación, que é, tal como se razoa no acordo impugnado, que cando circulaba por unha rúa carente de beirarrúas non se axustaba ó disposto no Real Decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de vehículos a motor e Seguridade vial, rompendo así calquera nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento dun servizo público.*

*Terceiro.- O órgano competente para a resolución do recurso de reposición é o mesmo que tivese dictado a resolución recorrida, neste caso, a Xunta de Goberno Local.*

*Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar o recurso de reposición interposto por Dna. Lisa Fernández Hume, con data 22/05/2006, mantendo firme a resolución impugnada, por non resultaren desvirtuados coas alegacións efectuadas no escrito do recurso os feitos e os fundamentos legais que a motivaron”.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **13(30).- SOLICITUDE DE D. MANUEL GALEGO PALLARÉS E OUTROS DE DESCATALOGACIÓN DA RÚA PINO-R1 COMO CAMIÑO PÚBLICO. EXPTE. 17836/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 2.01.07, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio e pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- L 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALG).
- L 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP).

- L30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).
- RD 24 xullo de 1889 do Código Civil (CC).
- L 4/1994 de 14 de setembro de Estradas de Galicia (LEG)
- RDL 781/1986 de 18 de abril, do Texto refundido das Disposicións Legais en materia de Réxime Local (TRRL)
- RD 2568/1986 de 28 de novembro, do Regulamento da Organización, Funcionamento, e Réxime Xurídico das Entidades Locais. (ROFRXEL).
- RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

#### ANTECEDENTES:

*PRIMEIRO.- D. Manuel Galego Pallares e outros, mediante escrito con entrada no rexistro xeral do concello en data 1.6.2006 solicita a descatalogación da rúa Pino ao considerar que non se trata dunha vía pública senon dun camiño privado.*

*SEGUNDO.- Na instrucción do expediente foron levados a cabo os trámites procedimentais pertinentes e emitidos os seguintes informes por parte dos técnicos e servizos municipais competentes nas diversas materias que poideran incidir no obxecto do expediente e na resolución que finalmente deban adoptar os Organos competentes desta Administración.*

*-Informe do arquitecto municipal da oficina técnica de patrimonio de data 13.7.2006 e 25.10.2006.*

*-Informe da Oficina de Licenza de Obras da Xerencia de Urbanismo de data 2.10.2006.*

*-Informe do Servizo de Vías e Obras de data 17.11.2006.*

*-Informe do Topógrafo municipal da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 20.11.2006.*

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO:

*PRIMEIRO.- A Rúa Pino-R1, camiño obxecto do presente expediente de rectificación, consta incluída no Inventario municipal de bens e dereitos, aprobado por acordo plenario en data 04-05-1993, no epígrafe I-Inmóbeis-Vías Públicas e reflectido na planimetría de viais do citado Inventario municipal, con orixe na rúa Pino e remate en finca particular nº 75, dunha lonxitude de 42 ml e longo medio de 6,50 metros.*

*SEGUNDO.- O Inventario municipal de bens e dereitos deste Concello foi aprobado definitivamente por acordo Plenario de data 4 de maio de 1.993, e con referencia ao 31 de decembro de 1.991, datando a súa aprobación inicial acordada polo Pleno Municipal o 19/12/1.992, e tendo sido sometido á información pública polo prazo regulamentario para coñecemento e formulación de todas aquelas alegacións que na defensa dos seus dereitos e intereses poideran manifestar aos administrados. É de reseñar que durante ese período de información pública non consta que se tivese formulado ningunha alegación en relación á inclusión no Inventario municipal de bens e dereitos no seu epígrafe correspondente as vías públicas o camiño agora discutido, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do Inventario municipal, e do que resultou en consecuencia a consideración de tal vía como pública de titularidade municipal integrantes do patrimonio municipal da súa condición de bens de dominio público afectos ao uso público. Acordo Plenario da aprobación definitiva que deviu firme, resultando esgotada a vía administrativa, e gozando da lexitimidade, validez e executividade que o noso Ordenamento Xurídico lle atribúe (Art. 56 e 57 da Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.*



*TERCEIRO.- Os bens de dominio público veñen regulados no noso Ordenamento Xurídico , tanto na normativa xurídica de réxime local como nas normas de dereito privado, e lexislación sectorial.*

*Así a Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das bases de Réxime Local (modificada por Lei 11/99) dispón no Art. 79.2 e 3, que os bens das Entidades Locais son de dominio público ou patrimoniais, resultando os de dominio público os destinados á uso ou servizo público. Mesmo o Art. 80 sinala que os bens comunais e demais bens de dominio público son inalienábeis, inembargábeis e imprescriptíbeis . No mesmo senso pronúnciase a Lei 5/97 de 22 de xullo da Administración Local de Galicia no Art. 263, concretando como bens de uso público local os camiños, prazas, rúas, paseos, parques, augas de fontes e estanques, fontes e demais obras públicas de aproveitamento ou utilización xeral dos que a conservación e policía sexan competencia da Entidade Local. Igualmente nos mesmos termos recóllese no R.D. 1.372/86 de 13 de xuño do Regulamento das Entidades Locais ( Art. 2 , 3 e 5).*

*Por outra banda o Código Civil igualmente configura como bens de uso público nas Provincias e Pobos os camiños provinciais ou veciñais, as prazas, rúas, fontes e augas públicas, paseos e obras públicas de servizos xerais, costeadas polos mesmos pobos ou provincias. Na Lexislación de estradas de Galicia (LEG) faise mención aos camiños de servizo tanto os de titularidade dominical pública como os construídos por persoas ou entidades privadas, e a súa transición ao uso público cando as circunstancias concorrentes nos camiños así o permita e o interese xeral o demande.*

*CUARTO.- Neste marco normativo sitúanse os medios e facultades de que se dispón para garantir a protección e defensa do patrimonio das Entidades Públicas na defensa do interese xeral ao que serve. Entre elas resulta de relevancia a obriga que se impón ás Administracións Locais da formación dun inventario onde se rexistren tódolos bens e dereitos que constitúen o seu patrimonio, como se recolle na LALG no seu Art. 278, e no Art. 17 do RBEL, onde prevese que o inventario dos bens inmóbeis comprenderan as vías públicas cos datos necesarios para a súa individualización, límites, longura e anchura (Art. 20 g).*

*QUINTO.- O presente expediente de rectificación do Inventario municipal de bens e dereitos ten como finalidade a determinación da correcta inclusión no epígrafe I de vías públicas da rúa en cuestión e en atención ao seu uso público, ou pola contra non concorre dita condición de uso público e consecuentemente procedería a súa rectificación inventarial dándoo de baixa. Neste senso a controversia centrase na configuración ou non desa rúa como pública pola súa afectación ao uso público en xeral e polo tanto dunha posesión pública por parte deste Concello, sen que proceda entrar en cuestións de dereito privado que poidan plantexarse, ao ser competencia para seu coñecemento e resolución, sobre titularidades dominicais ou cuestións de propiedade, á xurisdicción civil como reiteradamente xa ven declarando a Xurisprudencia do Tribunal Supremo.*

*SEXTO.- Asi mesmo a Administración Local ten plena capacidade xurídica para a adquisición de toda clase de bens e dereitos dispendo igualmente da facultade da prescrición adquisitiva contemplada no noso ordenamento xurídico (art. 5 da LRBRL, art. 270 e 275 da LALG, arts. 8.4.c, 9, 14.1 do RBEL e art. 1940 e ss. do CC). O tempo da súa obriga na protección, defensa e reivindicación dos seus bens e dereitos sen que poida allanarse as demandas formuladas contra eles (art. 5, 68.1 da LRBRL, art. 270, 284.2, 285 da LALG, art. 220 ROFRXAL, e art. 9 e 73 do RBEL).*

*SETIMO.- Centrada a cuestión na afectación de dita rúa o seu destino ao uso público, e na posesión pública e pacífica que esta Administración exerce sobre a mesma, podese considerar que o ramal 1 da rúa Pino, obxecto do presente expediente figura como vía pública no Inventario municipal de bens e dereitos do ano 1993, estando atribuída pacificamente a este a condición de vía de uso público afectos á rede viaria municipal, atopándose asfaltada e dotada con servizos públicos de auga, saneamento e alumeado (informe do servizo de vías e obras de*

17.11.2006) , vindo reflectido como vía nos planos catastrais, e proxectada como vía pública xa na cartografía antiga do concello do ano 1947 (Informe do servizo de Cartografía de 20.11.2006).

De acordo co informe da oficina de licenza de obras (2-10-2006) e documentación achegada, a previsión de dita vía no planeamento urbanístico é un feito reflexado nos proxectos de licenza de obras (expedientes nº 302 do ano 1959, nº 849 do 1964, e nº 7249 de 1972 ) correspondentes ás propiedades colindantes coa mesma (actualmente edificios nº 75, 77 e 79 a rúa Pino) e que tivo a súa incidencia na tramitación de ditos proxectos para o outorgamento das licenzas de obras.

Procede sinalar ,que o exercicio das facultades edificatorias ou de uso do solo, efectuaranse de acordo coas disposicións sobre ordenación urbana previstas na lexislación urbanística e nos Planes, Proxectos, Normas e Ordenanzas vixentes no momento do seu exercicio. Neste senso, a Lei do Réxime do Solo e Ordenación urbana do ano 1956 dispoñía no seu art. 61 que, as facultades do dereito de propiedade exercitarase dentro dos límites e o cumprimento dos deberes establecidos nesta lei, ou en virtude da mesma, polos Planes de ordenación, con arranxo á calificación urbanística dos predios. Así mesmo, o art. 67.3 contemplaba o deber dos propietarios de terreos, da cesión dos terreos viais e de parques e xardíns e costear a urbanización.

No presente caso consta, alomenos, que unha das propiedades referenciadas, a correspondente o expediente de licenza de obra nº 7249/ 1972 procedeu á formalización da cesión dos terreos destinados à vial, mediante escritura declarativa outorgada ante o Notario de Vigo D. Alfonso Leirós Fernández en data 13.12.1972, na que en cumprimento do acordo da Comisión Municipal Permanente de 18 de outubro de 1972, fai a cesión, a favor do Concello de Vigo, dos terreos viais correspondentes á rúa en proxecto sen urbanizar.

OITAVO.- A teor do exposto, e sen prexuízo da cumprimentación ou non dos deberes cesionais referidos, é un feito constatado o uso público e posesión municipal do devandito ramal 1 da rúa Pino, non apreciándose a concorrencia de circunstancias que desvirtúen indubidablemente dita aparencia e consecuentemente a procedencia da rectificación do Inventario municipal de viais.

NOVENO.- Resulta competente para a adopción do acordo de resolución do presente expediente, a Xunta de Goberno Local (art. 127.1.f da LRBRL),

Por todo o anteriormente exposto propónse a Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

“UNICO.- Desestima-la solicitude formulada por D. Manuel Galego Pallares e outros, ao non apreciarse concorrencia de circunstancias que motiven e xustifiquen a pretensión da desafectación ao uso público municipal do Ramal 1 da rúa Pino.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**14(31).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D. ANGEL ALONSO GONZÁLEZ CONTRA ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DESESTIMATORIO DE DESCATALOGACIÓN DE LAVADEIRO EN CAMBESES. EXPTE. 17825/240. DESESTIMADO.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 8.01.07, conformado pola xefa de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

*Normativa de Aplicación:*

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).*

#### *INFORME PROPOSTA*

*Primeiro.-A Xunta de Goberno Local en sesión de 13.11.2006 acorda a desestimación da solicitude de D. Angel Alonso González de descatalogación do lavadeiro sito en Cambeses, ao tratarse dun ben de natureza demanial de uso público.*

*Acordo que lle foi notificado ao interesado en data 27.11.2006.*

*Segundo.- D. Angel Alonso González en data 22.12.2006 interpon recurso de reposición contra o acordo adoptado, solicitando a nulidade do acto e a apertura dun expediente de desafectación e descatalogación do ben.*

*Terceiro.- A recorrente no seu escrito alega a falta de motivación da resolución recorrida estimandoa viciada de nulidade, o que carece de fundamento xa que o acordo sí se atopa motivado, rexeitando a solicitude presentada en atención a natureza xurídica do ben obxeto de reclamación e de acordo coa fundamentación xurídica transcrita nos propios antecedentes.*

*A teor do exposto, estímase axustado á dereito o acordo adoptado, non concorrendo causas legais que desvirtuen a fundamentación xurídica na que se basou, procedendo o rexeitamento do recurso interposto pola interesada e, conseguintemente, a solicitude da anulación do acto administrativo dictado.*

*Cuarto.- Resulta competente para a resolución do recurso potestativo de reposición interposto, a Xunta de Goberno Local de conformidade co disposto no art. 116 da LRXAP e PAC, e art. 127. 1.f. da Lei 7/85 do RBRL.*

*Por todo o que antecede propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*UNICO.- Desestimar o recurso de reposición interposto por D. Angel Alonso González contra o acordo da Xunta de Goberno local de 13.11.2006 ao non resultar desvirtuados os fundamentos xurídicos que motivaron a súa adopción.*

#### Acordo

*A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.*

**15(32).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D<sup>a</sup>. ANA M<sup>a</sup> IGLESIAS TORRES CONTRA ACORDO DESESTIMATORIO DE RECLAMACIÓN PARA REPARACIÓN DAS ZONAS DE USO PÚBLICO ANEXAS Ó EDIFICIO N<sup>o</sup> 61 DA AVDA. E. MARTÍNEZ GARRIDO. EXPTE. 15362/240. DESESTIMADO.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 8.01.07, conformado pola xefa de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- L 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- L 33/2003 do 3 novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP)
- L30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).
- RD 24 xullo de 1889 do Código Civil (CC).

ANTECEDENTES

*PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local en data 22 de maio de 2006, acordou desestimar a reclamación formulada pola Comunidade de Propietarios do edificio 61 da Avda. E. Martínez Garrido, para a reparación das zonas de uso público anexas ao edificio n<sup>o</sup> 61 da Avda. E. Martínez Garrido, ao non ser causa do deterioro e deficiencias, a súa utilización pública en superficie a que se destinan.*

*SEGUNDO.- Con data de entrada no rexistro xeral deste Concello de 31.07.2006 interpóñese pola interesada recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno Local solicitando a súa anulación e a estimación da reclamación formulada pola devandita Comunidade de Propietarios.*

FUNDAMENTOS DE DEREITO

*PRIMEIRO.- No recurso interposto pola Comunidade límtase a manifestar que as reparacións interesadas teñen a consideración de ordinarias correspondendolle ao concello a súa realización, sen que na instrucción do expediente aportara proba pericial algunha na que fundamente a pretensión. Polo contrario, o informe do arquitecto municipal emitido en data 30 de marzo de 2006 sinala claramente, en relación á cuberta dos aparcamentos, que a plaqueta non presenta ningunha mostra de deterioro polo uso público, atribuíndo os desperfectos denunciados ao fin da vida útil da impermeabilización ou a súa inadecuada colocación, circunstancias alleas ao dereito de uso en superficie do que é titular o Concello, e conseguintemente excede dos deberes de mantemento e conservación que na súa condición de usuario corresponderíalle, sendo da exclusiva responsabilidade da propiedade do inmóbel as reparacións solicitadas.*

*SEGUNDO.-- Corresponde á Xunta de Goberno Local, a resolución do recurso de reposición interposto contra o seu acordo de 22 de maio de 2006, de conformidade co disposto no art. 116 da L.30/92 de RXAP e PAC.*

*Por todo o anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*“UNICO. Desestimar o recurso de reposición interposto por dona Ana M<sup>a</sup> Iglesias Torres como Presidenta da Comunidade de Propietarios do edificio 61 da Avda. E. Martínez Garrido, contra o acordo da Xunta de Goberno*

*Local do 22 de maio de 2006, ao non resultar desvirtuados os fundamentos técnicos e xurídicos que motivaron a adopción de dito acordo.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **16(33).- RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D. JULIO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ CONTRA ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DE RECUPERACIÓN DE OFICIO DA POSESIÓN DO ACCESO Á FONTE PÚBLICA Nº 259 BAGUNDA-LAVADORES. EXPTE. 17017/240. DESESTIMADO.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 8.01.07, conformado pola xefa de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

*Normativa de Aplicación:*

- *Lei 7 /1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).*

#### **INFORME PROPOSTA**

*Primeiro.-A Xunta de Goberno Local en sesión de 23.11.2006 acordou a recuperación de oficio a posesión do acceso a Fonte Pública nº 259 Bagunda-Lavadores, na parroquia de Lavadores, deste termo municipal, anta a súa ocupación ilícita por D.Julio González Fernández mediante a colocación dunha cancela que o obstrue e interrompe.*

*Acordo que lle foi notificado ao interesado en data 28.11.2006.*

*Segundo.- D. Julio González Fernández, en data 26.12.2006 interpón recurso de reposición contra o acordo adoptado, solicitando a anulación de dita resolución ao estimar que non procede a recuperación de oficio da fonte xa que dende fai anos non existe unha utilización pública por terse secado o manantial.*

*Terceiro.- O recurso presentado resulta rexeitábel ao carecer de fundamento o alegado, xa que o exercicio da potestade administrativa para a recuperación posesoria que o ordenamento xurídico lle atribue ás administracións públicas recae sobre toda clase de bens e dereitos integrantes do seu patrimonio, independentemente da súa natureza xurídica, afectación ou grado de utilización pública. (art. 55 da LPAP.*

*Conseguentemente , estímase axustado á dereito o acordo adoptado, non concorrendo causas legais que desvirtuen a fundamentación xurídica na que se basou a facultade recuperatoria da posesión exercida.*

*Cuarto.- Resulta competente para a resolución do recurso potestativo de reposición interposto, a Xunta de Goberno Local de conformidade co disposto no art. 116 da LRXAP e PAC, e art. 127. 1.f. da Lei 7/85 do RBRL.*

*Por todo o que antecede propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*UNICO.- Desestimar o recurso de reposición interposto por D. Julio González Fernández contra o acordo da Xunta de Goberno local de 23.11.2006 ao non resultar desvirtuados os fundamentos xurídicos que motivaron a súa adopción.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **17(34).- RECLAMACIÓN DA COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DE CABRAL SOBRE A PROPIEDADE Nº 10 DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS. EXPTE. 17654/240. DESESTIMADA.**

A Xunta de Goberno local retira o expediente da orde do día para mellor estudio.

#### **18(35).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PREVENCIÓN DO ALLEO PARA A REALIZACIÓN DA ESPECIALIDADE DA SAÚDE PARA TODO O PERSOAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 16984/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 10.01.07 e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado, do 11.01.07, conformado polo xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos, o concelleiro da Área de Persoal, e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto 30.050,60 euros para a prestación dos servizos de prevención alleo para a realización da especialidade de vixiancia da saúde para todo o persoal do concello de Vigo que se imputarán á partida presupuestaria 3131.160.0.602 do vixente presuposto.

2º.- Aprobar o prego tipo de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) de data 10-01-2007 e o prego de prescripción técnicas para a prestación dos servizos de prevención alleo para a realización da especialidade de vixiancia da saúde para todo o persoal do concello de Vigo.

3º.- Solicitar ofertas a tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

#### **19(36).- ADXUDICACIÓN DO PROXECTO DE REHABILITACIÓN DO BUQUE MUNICIPAL BERNARDO ALFAGEME. EXPTE. 2892/307.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da xefa de Patrimonio Histórico, do 13.12.06, o informe xurídico do 9.01.07, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Contratación do 27.12.07, conformado polo xefe da Área de Contratación e polo concelleiro delegado de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno local acorda:

*A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2005, acordou adxudicar á empresa Remolcadores Nosa Terra, S.A. a execución da reparación do buque Bernardo Alfageme por un importe de 274.000 euros..*

*Con data 11 de decembro de 2006 o enxeñeiro industrial municipal informa que unha vez iniciados os traballos de rehabilitación do buque se aprecia que o alcance dos mesmos é superior ó inicialmente previsto, especificando o aumento pormenorizado das partidas que aumentan o importe das reparacións, que suman a cantidade de 91.000 euros.*

*A xefa de Patrimonio Histórico plantexa a modificación do contrato sen incremento económico, toda vez que non poden ser aboados ó non existir partida orzamentaria no presuposto para facer fronte ó gasto, polo que haberá de repararse o buque excluindo o seu traslado a terra.*

*O artigo 101 da Lei de contratos das Administracións Públicas establece que o órgano de contratación só poderá introducir modificacións por razóns de interese público nos elementos que integren o contrato sempre que sexan debidas a necesidades novas ou causas imprevistas, xustificandoo debidamente no expediente.*

*De acordo co informado pola xefa do servizo de Patrimonio Histórico e do enxeñeiro industrial municipal a xustificación do proxecto modificado reside na necesidade de rematar os traballos de reparación.*

*A execución das obras do proxecto reformado non supón incremento de coste.*

*Por iso proponse á Xunta de Goberno, previo informe da Asesoría Xurídica do concello de Vigo, a adopción do seguinte acordo:*

*Aproba-lo presuposto modificado sen incremento económico do proxecto de rehabilitación do buque municipal Bernardo Alfageme, redactado polo enxeñeiro industrial municipal D. Alvaro Crespo Casal, que non supón variación presupostaria respecto do proxecto orixinal; e adxudica-la execución das obras á empresa Remolcadores Nosa Terra, S.A. nas mesmas condicións que rexeron a contratación inicial.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **20(37).- RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA AS BASES ESPECÍFICAS PARA A PROVISIÓN DAS PRAZAS DE CABO E SARXENTO DA POLICÍA LOCAL ENCADRADAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO- ANO 2005. EXPTE. 17000/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, 15.01.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo primeiro tenente de alcalde, que di o seguinte:

## ANTECEDENTES

Único.- En data 05/01/2007 (documentos números 70001524 e 70001526) D. Óscar Manuel Sánchez Vázquez, con DNI 76.721.177-P, presenta escritos nos cales solicita a modificación das bases específicas para a provisión das prazas de cabo e sarxento da Policía Local encadradas na Oferta de Emprego Público correspondentes ao ano 2005, por discrepar das mesmas en canto ao baremo de méritos nelas consignado.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. Os escritos presentados, a pesares de non nomearse polo recorrente como recurso de reposición, deben ser considerados como tales en aplicación do artigo 110 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP-PAC), onde se establece expresamente que o erro na calificación do recurso por parte do recorrente non será obstáculo para a súa tramitación, sempre que se deduza o seu verdadeiro carácter, como así se desprende da lectura literal dos mesmos.

II. A mesma norma procedimental consigna no seu artigo 117 o prazo para a interposición dos mesmos, fixado en 1 mes se o acto fose expreso, tal e como é o presente caso; prazo que debe contarse dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación. Deste xeito, e considerando que as Bases xerais e específicas rectoras da Oferta de Emprego Público para o ano 2005 foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 27/03/2006 (BOP do 9 de xuño do 2006), os recursos e alegacións contra as mesmas resoltos en acordo de data 04/09/2006, e tendo sido publicadas íntegramente no DOG do 21 de novembro do 2006, cabe afirmar que as bases específicas de cabo e sarxento da Policía Local son firmes dende a dita publicación, de xeito tal que os recursos presentados resultan a todas luces extemporáneos, tendo sido interpostos fora de prazo, polo cal non procede a súa admisión a trámite.

III. A maior abundamento, e para o suposto de que procedese entrar no exame do fondo do asunto, o baremo de méritos consignado nas bases específicas de cabo e sarxento é o recollido no Decreto 204/2000, do 21 de xullo, polo que se refunde a normativa vixente en materia de coordinación de Policía Local. En canto aos exercicios específicos que integran os concretos procesos selectivos de cabo e sarxento da Policía Local, éstos foron obxecto de negociación colectiva ao abeiro do recollido na Lei 9/1987, do 12 de xuño, de Regulación do órganos de representación, determinación das condicións de traballo e participación do persoal ao servizo das Administracións Públicas, no marco da Mesa Xeral de Negociación celebrada o 16 de marzo do 2006, non tendo sido tampouco o dito acordo recorrido en prazo.

IV. Visto o artigo 113.2 da citada LRXAP-PAC en canto á posibilidade de inadmisión dos recursos administrativos, e considerando as competencias que a Xunta de Goberno Local ostenta en canto á aprobación das bases das convocatorias de selección e provisión de postos de traballo ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local en canto aos municipios suxeitos ao réxime de grande poboación, elévase ao devandito órgano a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Inadmitir os recursos de reposición presentados por D. Óscar Manuel Sánchez Vázquez, con DNI 76.721.177-P, en escritos de data 05/01/2007 (documentos números 70001524 e 70001526) en canto ás bases específicas para a provisión das prazas de cabo e sarxento da Policía Local encadradas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2005, por ter sido presentados extemporaneamente e de conformidade cos fundamentos xurídicos expresados.



*SEGUNDO.- Contra o presente acordo unicamente poderáse interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo nos supostos, termos e condicións do recollido nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación.”*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**21(38).- CONCESIÓN DE AXUDAS ESPECIAIS CON CARGO Ó FONDO DE ACCIÓN SOCIAL. EXPTE. 16985/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de intervención Xeral, do 16.01.07 e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 4.01.07, conformado polo concelleiro delegada da Área de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o aboamento das seguintes axudas especiais con cargo ó Fondo Social (segundo bases de distribución, aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión do día 12 de xuño de 2006) ós seguintes traballadores:

NOME E APELIDOS	DNI	Nº PERSOAL	EUROS
FARO CHAMADOIRA, ANGELES	30033947	15071	4.471,00
FERNÁNDEZ ALVAREZ, FLORENTINO	36019741	15473	1.800,00
MOLEDO ALONSO, ROBERTO	53179564	79043	700,00
MOLINA MAGDALENA, FERNANDO	36065820	77043	846,00
PIÑEIRO GÓMEZ, JOSEFA	36102919	76474	2.119,00
RIELO FRANCO, Mª RITA	36067074	23774	490,00
RODRIGUEZ REY, ENRIQUE	36000962	8332	7.260,00
ROLO SILVA, JOSÉ LUIS	36052071	17147	1.260,00
VICENTE RODRÍGUEZ, CAROLINA	36080915	22119	500,00
SUMA TOTAL			19.746,00

**22(39).- BASES SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN EN PRÁCTICAS DUN/DUNHA AUXILIAR DE LABORATORIO. EXPTE. 16976/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de intervención xeral do 16.01.07 e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización da Unidade de Persoa, do 29.12.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar a contratación en prácticas dun/dunha auxiliar de laboratorio de acordo coas seguintes bases:

### I. OBXETO DA CONVOCATORIA

*A contratación en réxime laboral temporal, en prácticas, por un período dun ano prorrogable por outro máis dun/dunha auxiliar de laboratorio.*

### II. CONDICIONS DOS ASPIRANTES

- a) *Ser español/a ou nacional dalgún estado membro da UE, de conformidade co previsto no artigo 1 da Lei 17/1993, de 23 de decembro.*
- b) *Ter cumpridos 18 anos de idade, segundo nova redacción dada ó artigo 135 Rdl 781/86, pla Lei 62/03, na data de finalización do prazo de presentación de instancias.*
- c) *Estar en posesión das seguintes titulacións: Formación Profesional: Sanidade: Ciclo formativo de grao superior de dietética e saúde ambiental ou Química: Ciclo formativo de grao medio laboratorio ou de grao superior de análise e control ou química ambiental, e haber rematado os seus estudos nos catro anos inmediatamente anteriores á data en que teñan lugar as contratacións. No caso de emigrantes titulados no extranxeiro o cómputo efectuarase desde a data de convalidación dos seus estudos en España. Estes extremos acreditaranse con certificación ó efecto.*
- d) *Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida ou menoscabe o exercicio das súas funcións, sen prexuízo de que sexan admitidas as persoas con discapacidade en igualdade de condicións cos demais aspirantes, segundo o disposto na Disposición Adicional 19ª da Lei 30/8, na redacción dada pola Lei 53/03, de 10 de decembro.*
- e) *Non estar separado mediante expediente disciplinario do servicio do Estado, comunidade autónoma ou administración local, nin se atopar inhabilitado para o desempeño de funcións públicas.*
- f) *Non atoparse incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente.*
- g) *Non haber traballado en prácticas ou habelo feito durante dous anos; neste caso o período máximo de prácticas extenderase ó tempo que lle falte para cumprir dito período.*
- h) *Carta de pagamento acreditativa de ingreso na Tesourería municipal do Concello da cantidade de 16,35 euros, segundo as vixentes ordenanzas fiscais.*

*Os extremos contidos nos apartados a) e b) acreditaranse con xerocopia compulsada do documento nacional de identidade; o do apartado c) con xerocopia compulsada do título legalmente expedido; o do apartado d) a través de certificado médico oficial, sen prexuízo de supera-lo oportuno recoñecemento médico; os do apartados e), f) e g) mediante declaración xurada ó efecto, o apartado h) achegando á instancia a carta de pagamento.*

### III. SISTEMA DE SELECCION

O procedemento selectivo será o de concurso-oposición.

Para o concurso rexerá o seguinte baremo:

Titulacións ou certificados de estudo que teñan relación coas funcións do posto:

- Ciclo formativo de grao superior nas especialidades solicitadas; un punto se son superiores e 0,50 puntos se son do mesmo nivel.

Posteriormente á fase de concurso terá lugar a de oposición, que constará de dous exercicios:

Primeiro exercicio.- Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test de 40 preguntas con catro respostas alternativas, que proporá o Tribunal inmediatamente antes de que se inicie o exercicio e no prazo que acorde o Tribunal, en relación cos temas que figuran como Anexo I.

Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará coa metade da puntuación outorgada a cada pregunta acertada.

Segundo exercicio.- Consistirá nunha proba de coñecemento de idioma galego, consistente na corrección de expresións e palabras escritas incorrectamente nunha serie de frases para un galego correcto e normativizado, no tempo que acorde o Tribunal.

O primeiro exercicio será eliminatorio, e calificarase de 0 a 10 puntos, quedando eliminado o aspirante que non obteña 5 puntos.

O segundo exercicio será obrigatorio pero non eliminatorio, puntuándose como máximo con 2 puntos. Se non se obtivese 1 punto como mínimo o/a aspirante deberá participar no primeiro curso de galego que organice a Corporación.

Será contratado/a o/a aspirante que obteña a maior puntuación unha vez sumadas as do concurso, primeiro e segundo exercicio da oposición.

#### IV. PRAZO DE PRESENTACION DE INSTANCIAS

Será de 10 días hábiles a contar desde ó seguinte a publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

A instancia deberá xuntarse á documentación á que se fai referencia na base II anterior.

#### V. PUBLICIDADE

O anuncio da convocatoria publicarase no BOP, e a lista de excluídos e as causas que o motiva; así como a data, lugar e hora en que teña lugar o primeiro exercicio publicarase na prensa local. O resto dos anuncios no taboleiro de edictos da Casa Consistorial e no de anuncios dos centros onde se realicen as probas.

Contra a exclusión da lista de admitidos poderase presentar reclamación e subsanar erro ou omisións no prazo de catro días hábiles.

## VI. TRIBUNAL

Estará integrado polos seguintes membros:

**Presidente:** O designado pola Xunta de Goberno Local ou órgano en quen delegue, entre os membros da Corporación ou entr o persoal ó servizo da administración pública (arts. 127.h) e 2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en redacción dada pola Lei 7/2003, do 16 de decembro).

**Vocais:** Tres representantes da Corporación, tres do Comité de Persoal e o Director do Laboratorio Municipal ou técnico cualificado no que delegue, éste último con voz e sen voto.

Simultaneamente cos titulares designaranse ós respectivos suplentes.

O Tribunal cualificador contará tamen cun secretario/a con voz e sen voto,funcionario/a con habilitación de carácter nacional ou da Corporación intregado na Escala da Administración Xeral, subescala técnica, designado/a pola órgano convocante.

Tódolos membros do tribunal deberán ter titulación igual ou superior á requirida para o acceso a praza, ou estar integrados/as no grupo de titulación a que corresponda a praza.

Tódolos membros do tribunal actuarán con voz e voto, agás o Secretario e o Director do Laboratorio Municipal. O tribunal poderá nomear asesores, ata un máximo de dous por exercicio, tamén con voz e sen voto.

O Tribunal contará coa asistencia técnica dun funcionario/a da Unidade de Persoal do Concello, con funcións vinculadas a coordinación e o desenvolvemento dos distintos exercicios no correspondente proceso selectivo, sempre dacordo coas instrucións recibidas do Presidente do Tribunal.

A actuación do tribunal rexerese polo previsto na Lei de procedemento administrativo para o funcionamento dos órganos colexiados.

## ANEXO I

- Tema 1.- Desinfección e esterilización: principios. Funcionamento de equipos. Seguridade. Procedementos.
- Tema 2.- Preparación da mostra para ensaios microbiolóxicos de alimentos: homoxeinización e dilucións. Preparacións microscópicas: fixación e tinción.
- Tema 3.- Medios de cultivo. Tipos e técnicas de preparación. Técnicas de sembra.
- Tema 4.- Incubación. Conceptos e parámetros fundamentais.
- Tema 5.- Disolucións. Formas de expresar e calcula-la concentración de disolucións. Procedementos de preparación de disolucións.
- Tema 6.- Reacción ácido-base.Reacción oxidación-redución e reacción de precipitación. Aplicacións e medida do ph e potencial de redución.
- Tema 7.- Conceptos xerais de análise volumétrico. Patrón primario. Indicadores. Volumetrías ácido-base. Volumetrías de precipitación. Volumetrías redox. Complexometrías.
- Tema 8.- Análise instrumental: medida de ph e conductividade en augas por métodos eléctricos.

- Tema 9.- *Materiais habituais no laboratorio. Tipos, a súa manipulación e aplicacións. Técnicas e procedementos de limpeza de material.*
- Tema 10.- *Toma de mostras de augas e alimentos: equipo e material de mostreo. Procedementos de envadado, transporte, marcaxe e acondicionamento de mostras.*
- Tema 11.- *Prevención de riscos ambientais no laboratorio: residuos de laboratorio.*
- Tema 12.- *Programa de garantía de calidade. O control de calidade. Procedementos normalizados de traballo.*

2º.- O contrato terá a duración dun ano, prorrogable por outro e o período de proba será dun mes.

3º.- O/a aspirante seleccionado/a deberá subscribi-lo seu contrato en prácticas no prazo dun mes a contar desde o seguinte a notificación da oportuna resolución de nomeamento

4º.- Os/as candidatos/as que superen tódalas probas de que consta esta oposición, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser eventualmente contratados/as como persoal laboral-temporal para necesidades conxunturais, segundo o disposto na disposición transitoria do Decreto 116/93, do 3 de xuño, da Consellería de Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia.

Dita lista terá validez ata a resolución da próxima Oferta Pública de Emprego.

5º.- Durante o desenvolvemento do contrato, os seleccionados percibirán o 60 % das retribucións do posto durante o primeiro ano e o 75 % durante o segundo do salario fixado para un traballador que desenvolva o mesmo ou equivalente o posto de traballo de Auxiliar de Laboratorio que figura na Relación de Postos de Traballo vixente, modificadas pola Xunta de Goberno Local de 23 de decembro de 2005.

**23(40).- AUTORIZACIÓN DA ASISTENCIA DA CONCELLERÍA DE TURISMO A FEIRAS INTERNACIONAIS (BOTT DE DÜSSELDORF, BTL DE LISBOA, FITUR 2007, BIT DE MILÁN, ITB DE BERLÍN, CAMPIONATO DO MUNDO DE SALTOS E VIGO NÁUTICA INTERNACIONAL EN COTOGRANDE). EXPTE. 2069/104.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Turismo e Comercio do 3.01.07, conformado pola concelleira de Promoción Económida e Desenvolvemento Local, Turismo e Comercio, a Xunta de Goberno local acorda:

1º Autoriza-la asistencia da Concellería de Turismo a

BOOT de Düsseldorf, que se celebrará do 20 ó 28 de xaneiro de 2007

BTL de Lisboa, que terá lugar do 24 ó 28 de xaneiro de 2007

FITUR 2007, que se celebra do 31 de xaneiro ó 4 de febreiro de 2007  
BIT de Milán, do 22 ó 25 de febreiro de 2007  
ITB de Berlín, do 7 ó 11 de marzo de 2007

Campionato do Mundo de Saltos, do 8 ó 11 de febreiro en Cotogrande  
Vigo Náutica Internacional, do 1 ó 4 de marzo en Cotogrande

2º Autorizar a seguinte relación de gastos con cargo ó presuposto prorrogado para o ano 2006, que se derivan da participación de Vigo nos oito evento:

o Total reunións e conferencias, con cargo á partida 7510 22 60 600 (reunions e conferencias) do presuposto prorrogado para o ano 2007	46.500 euros
o Atencións protocolarias e representativas, con cargo a partida 7510 02260100 do presuposto prorrogado para o ano 2007	6.000 euros
o Gastos de locomoción de asistencia a feiras, con cargo á partida 7510 2310000, do presuposto prorrogado para o ano 2007	5.000 euros
o Dietas do persoal, con cargo á partida 7510 2300100, do presuposto prorrogado para o ano 2007	2.000 euros
o Gastos de transporte do material promocional, con cargo a partida 7510 2230000 (transporte a feiras), do presuposto prorrogado para o ano 2007	5.000 euros

3º Que os gastos de locomoción e dietas devengados da participación nos devanditos eventos, non quedarán suxeitos ó previsto no Real Decreto 236/88 e que serán sufragados na súa totalidade con cargo ós presupostos municipais, previa acreditación dos mesmos.

4º Que en consecuencia, se libre a xustificar a nome de D. Carlos Soto Álvarez, con DNI nº 35.966.988-W a cantidade de 67.000 euros, que deberán ser ingresados na conta habilitada do Departamento de Turismo nº 2080 0000780040246105”

**24(41).- RECEPCIÓN DE OBRAS DE URBANIZACIÓN NA UE IV-10 RAMÓN NIETO 4, EXPTE. 4593/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral da Xerencia municipal de Urbanismo, do 9.01.07, que di o seguinte:

*En data 27.11.2000 o Pleno do Concello aprobou definitivamente o Estudio de Detalle da Unidade de Execución <IV-10-RAMÓN NIETO 4>, redactado polos arquitectos don Pedro de la Puente, don Alberto Cameselle e don Javier Martínez e visado polo COAG no 29.06.2000 e 29.08.2000 (BOP núm. 9, do 12/01/2001; expte: 5003/411).*

*No 25.10.2001 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou: "(...) Aprobar definitivamente o Proxecto de Urbanización do polígono <U.E. IV-10-RAMÓN NIETO 4>, redactado polo arquitecto Arquitecto don Javier Martínez Díez e visado polo COAG no 22.06.2001 e 04.05.2001 -Expte. 4286/401- (...)" (BOP núm. 228, do 27/11/2001 e DOG núm. 238 do 11/12/2001).*

*A Xunta de Goberno local de 28.02.05 acordou o seguinte: "(...) PRIMEIRO.- Aproba-la recepción parcial das obras de urbanización do polígono <UE IV-10 Ramón Nieto 4 . SEGUNDO.- A cancelación dos avais constituídos con motivo destas obras de urbanización, requerirá da previa recepción total das obras de urbanización do polígono e o transcurso do prazo de garantía mínimo dun ano dende dita recepción final (...)"*

*Constan no expediente os seguintes informes:*

- "Gas Galicia, S.A." de 11.10.04.
- "Unión Fenosa, S.A." de 5 de novembro de 2004.
- Montes, parques e xardíns de 24.01.05.
- "Aqualia gestión integral del Agua y Fomento de construcciones y contratas, S.A-UTE" de 28.01.05.
- Electromecánicos de 31.01.05.
- "Telefónica de España, S.A." de 21.04.05.
- "R Cable y Telecomunicaciones Galicia, S.A." de 29.04.05.
- Mobilidade e seguridade de 19.05.05.
- Oficina de supervisión de proxectos e inspección de obras de 22.12.06.

*O adxunto ó director dos servizos técnicos informa o 26.12.06 o seguinte: "(...) Las obras cuya recepción total se solicita, corresponden al ámbito del proyecto de urbanización de la UE IV-10 Ramón Nieto 4 <expte 4286/401>, aprobado definitivamente el 31.10.01 por acuerdo del Consejo de la Gerencia Municipal de Urbanismo. Con fecha 22.02.05 el mismo órgano municipal acordó recibir parcialmente dichas obras de urbanización <expte 4574/401>. Con la propuesta actual se dan por terminadas las obras de urbanización, que se ajustan al planeamiento aprobado (...)"*

**FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

1.- Previsións legais sobre a recepción de obras de urbanización derivadas da execución de polígonos.- O art. 110.5 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA) dispón que: "(...) A

recepción polo concello das obras de urbanización en execución do planeamento rexeráse polo disposto na lexislación de contratos das administracións públicas (...). O art. 147.1 RDLex. 2/2000, do 16 de xuño, aprobatorio do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas preceptúa que: "(...) No tempo de recepción das obras trala súa terminación e ós efectos establecidos no artigo 110.2, concurrirá un facultativo designado pola Administración, representante desta, o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista asistido, se o estima oportuno, do seu facultativo (...). 2.- Se as obras atópanse en bo estado e axustadas ás prescricións previstas, o funcionario técnico designado pola Administración contratante e o representante desta darán por recibidas, levantándose a correspondente acta e comezando entón o prazo de garantía (...) 3.- O prazo de garantía (...) non poderá ser inferior a un ano (...)"

2.- Presencia no expediente dos informes técnicos preceptivos.- Consonte os informes da oficina de supervisión e inspección de obras e o adxunto do director dos servizos técnicos, procede a recepción das obras de urbanización.

3.- Prazo de garantía das obras de urbanización e necesidade de constitución da correspondente entidade urbanística de conservación.- De conformidade co artigo 147.3 do TRLCAP e o prazo de garantía será dun ano, durante o cal, en aplicación do artigo 167 do Regulamento de contratos das Administracións Públicas, os propietarios coidarán da conservación e policía das obras. Se descoidase a conservación e dese lugar a que perigue a obra executarase pola Administración e a costa do contratista os traballos precisos para evitar o dano. No suposto de vicios ocultos na obra o prazo para esixir a responsabilidade será de 15 anos, de acordo co establecido no artigo 148 do TRLCAP. O prazo de garantía é dun ano. De acordo co establecido no Plan xeral vixente e a propia Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural, procede a inmediata constitución da entidade urbanística de conservación.

4.- Innecesidade da adopción do presente acordo.- As normas sobre contratación administrativa, ás que se remite a Lei 9/02, non contemplan a necesidade de adopción dun acordo expreso de recepción. Únicamente se esixe o levantamento dun acta asinado polo funcionario técnico da Administración contratante e un representante desta (artigo 147.2 do rdlex. 2/2000) na que se constate que as obras están en bo estado e conforme o proxecto aprobado.

5.- Órgano competente para a resolución do expediente.-É competente para adoptar este Acordo a Xunta de Goberno Local, en virtude do artigo 127 da Lei reguladora das bases do réxime local na redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

En mérito dos feitos e fundamentos de dereito expostos, proponse ó Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo para que eleve esta proposta para a aprobación pola Xunta de Goberno Local do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Á vista dos informes do enxeñeiro técnico da oficina do servizo de supervisión de proxectos e inspección de obras de 22.12.06 e do adxunto ó director dos servizos técnicos de 26.12.06, acordar a recepción das obras de urbanización da "UE IV-10 Ramón Nieto 4" (expte 4593/401).

SEGUNDO: Notificar o contido íntegro deste acordo ós interados, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer alternativamente recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, sen prexuízo de que exerciten calquera outro que estimen procedente. Así mesmo, darlle traslado do contido íntegro deste acordo ós departamentos municipais de licenzas de obras, vías e obras, electromecánicos, montes, parques e xardíns, limpeza, patrimonio e contratación, estatística e cultura, e á concesionaria "AQUALIA-GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.A.", "Telefónica de España, S.A.", "Unión Fenosa S.A.", "R Cable y Telecomunicaciones Galicia, S.A." e "Gas Galicia, S.A."



## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **25(42).- RECEPCIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DA UE V-D DO PERI IV-05 TRAVESÍA DE VIGO-ARAGÓN. EXPTE. 4702/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral da Xerencia municipal de Urbanismo, do 26.12.06, que di o seguinte:

*O Consello da Xerencia municipal de urbanismo, en sesión de 18 de xaneiro de 2002, acordou aprobar inicialmente o proxecto de urbanización da UE V-D do Peri Aragón-Travesía de Vigo, presentado pola Comunidade de Bens "Bardelas y Álvarez, S.L.", don Manuel González González e don José Simón Vieitez. O mesmo desenvolveu as previsións contidas no estudio de detalle aprobado definitivamente o 28 de xuño de 2001 (expte 6202/411).*

*En data 11.04.02 o Consello da Xerencia municipal de urbanismo adoptou o seguinte acordo: "(...) Primeiro.- Aprobar definitivamente o proxecto de urbanización da UE V-D do PERI Aragón-Travesía de Vigo –expte 4303/401- presentado pola Comunidade de bens <Bardelas y Álvarez, S.L.>, Manuel González González e José Simón Vieitez, propietarios únicos en proindiviso, que desenvolve as previsións contidas no estudio de detalle da mencionada unidade <expte. 6202/411>, aprobado definitivamente o 28 de xuño de 2001 (...)"*

*O 6.06.06 a comunidade de bens "Bardelas, González y Simón", solicita a recepción da urbanización.*

*Constan no expediente os seguintes informes:*

- "R Cable e Telecomunicaciones de Galicia, S.A." de 25.10.06.
- Servizo de electromecánicos de 13.11.06.
- "Aqualia gestión integral del agua, S.A." de 23.11.06.
- "Unión Fenosa, S.A." de 23.11.06.
- Oficina de supervisión de proxectos e inspección de obras de 1.12.06.
- Montes, parques e xardíns de 7.12.06.

*O adxunto ó director dos servizos técnicos informa o 19.12.06 o seguinte: "(...) La solicitud de recepción presentada en 5/07/06, ha sido informada favorablemente por los distintos departamentos municipales y empresas de servicios, ajustándose las obras al planeamiento que desarrollan, por lo que no existe inconveniente en prestar conformidad a la misma (...)"*

### **FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

*1.- Previsións legais sobre a recepción de obras de urbanización derivadas da execución de polígonos.- O art. 110.5 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA) dispón que: "(...) A recepción polo concello das obras de urbanización en execución do planeamento rexerese polo disposto na lexislación de contratos das administracións públicas (...)". O art. 147.1 RDLex. 2/2000, do 16 de xuño,*

aprobatorio do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas preceptúa que: "(...) No tempo de recepción das obras trala súa terminación e ós efectos establecidos no artigo 110.2, concurrirá un facultativo designado pola Administración, representante desta, o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista asistido, se o estima oportuno, do seu facultativo (...). 2.- Se as obras atópanse en bo estado e axustadas ás prescricións previstas, o funcionario técnico designado pola Administración contratante e o representante desta daraas por recibidas, levantándose a correspondente acta e comenzando entón o prazo de garantía (...) 3.- O prazo de garantía (...) non poderá ser inferior a un ano (...)"

2.- Presencia no expediente dos informes técnicos preceptivos.- Consonte os informes da oficina de supervisión e inspección de obras e o adxunto do director dos servizos técnicos, procede a recepción das obras de urbanización.

3.- Prazo de garantía das obras de urbanización e necesidade de constitución da correspondente entidade urbanística de conservación.- De conformidade co artigo 147.3 do TRLCAP e o prazo de garantía será dun ano, durante o cal, en aplicación do artigo 167 do Regulamento de contratos das Administracións Públicas, os propietarios coidarán da conservación e policía das obras. Se descoidase a conservación e dese lugar a que perigue a obra executaranse pola Administración e a costa do contratista os traballos precisos para evitar o dano. No suposto de vicios ocultos na obra o prazo para esixir a responsabilidade será de 15 anos, de acordo co establecido no artigo 148 do TRLCAP. O prazo de garantía é dun ano. De acordo co establecido no Plan xeral vixente e a propia Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural, procede a inmediata constitución da entidade urbanística de conservación.

4.- Innecesariedade da adopción do presente acordo.- As normas sobre contratación administrativa, ás que se remite a Lei 9/02, non contemplan a necesidade de adopción dun acordo expreso de recepción. Únicamente se esixe o levantamento dun acta asinado polo funcionario técnico da Administración contratante e un representante desta (artigo 147.2 do rdlx. 2/2000) na que se constate que as obras están en bo estado e conforme o proxecto aprobado.

5.- Órgano competente para a resolución do expediente.-É competente para adoptar este Acordo a Xunta de Goberno Local, en virtude do artigo 127 da Lei reguladora das bases do réxime local na redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

En mérito dos feitos e fundamentos de dereito expostos, propónse ó Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo para que eleve esta proposta para a aprobación pola Xunta de Goberno Local do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO:** Á vista dos informes do enxeñeiro técnico da oficina do servizo de supervisión de proxectos e inspección de obras de 1.12.06 e do adxunto ó director dos servizos técnicos de 19.12.06, acordar a recepción das obras de urbanización da "UE V-D do PERI IV-05 Aragón-Travesía de Vigo" (expte 4702/401).

**SEGUNDO:** Notificar o contido íntegro deste acordo ós interados, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer alternativamente recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, sen prexuízo de que exerciten calquera outro que estimen procedente. Así mesmo, darlle traslado do contido íntegro deste acordo ós departamentos municipais de licenzas de obras, vías e obras, electromecánicos, montes, parques e xardíns, limpeza, patrimonio e contratación, estatística e cultura, e á concesionaria "AQUALIA-GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.A.", "Telefónica de España, S.A.", "Unión Fenosa S.A.", "R Cable y Telecomunicaciones Galicia, S.A." e "Gas Galicia, S.A."

### Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

### **26(43).- MODIFICACIÓN DO CONVENIO CON AQUALIA S.A. PARA NOVA TRAMITACIÓN DE “LICENZA DE CALAS”. EXPTE. 49263/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe administrativo de Vías e Obras, do 15.01.07, conformado polo concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais da mesma data, a Xunta de Goberno local acorda:

Modificar o convenio de colaboración con Aqualia para a tramitación de “licenza de calas “ aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 13 de novembro de 2006 introducindo as seguintes modificacións :

Na cláusula Segunda, apartado 2º. donde di “correo...” debe decir “correo electrónico”

Na cláusula segunda, apartado 8º. donde di “...nos cinco primeiros días de cada mes...” debe decir “...nos 15 primeiros días hábiles de cada mes...”

Na cláusula Segunda, apartado 7º engadirase o punto 7º.1 co seguinte texto: “Se durante a execución da obras de conexión apareceran problemas técnicos para a súa execución, ou a obra a executar non se axustase por defecto ou exceso á presupostada, Aqualia procederá a confeccionar un presuposto complementario e seguirá para este o procedemento establecido nos puntos 2º ao 6º anteriores.

### **27(44).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAIS DE FERRETERÍA, CONSTRUCCIÓN E DE ÁRIDOS PARA O SERVIZO DE VÍAS E OBRAS. EXPTE. 50894/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 21.12.06 e de acordo co informe-proposta do xefe administrativo de Vías e Obras, do 22.11.06, conformado polo asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, o enxeñeiro xefe de Vías e Obras e o concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas para o contrato de subministro de materiais de Ferretería, materiais de Construcción e Áridos para o Servicio de Vías e Obras, redactado polo xefe de de Servicio de Vías e Obras con data 16.11.2006.

2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas particulares elaborado polo servizo de Vías e Obras con data 16 de novembro/2006 para a contratación por subhasta da subministración dos materiais dos seguintes lotes:

Lote 1: Materiais de Ferretería ; Lote 2: Materiais de Construcción ; Lote 3: Áridos

3º.- Autorizar o gasto plurianual para a contratación do subministro de materiais para o Servizo de Vías e Obras con cargo á partida 511.0.210.00.00 do presuposto 2007 e 2008 polos seguintes importes segundo os lotes:

Lote 1: Materiais de Ferretería : 200.000 € coa seguinte imputación presupostaria : Ano 2007 : 100.000,00 € e ano 2008 : 100.000,00 €

Lote 2: Materiais de Construcción: 700.000,00 € coa seguinte imputación presupostaria : Ano 2007 : 350.000,00 € e ano 2008 : 350.000,00 €

Lote 3: Áridos : 480.000,00 € coa seguinte imputación presupostaria : Ano 2007 : 240.000,00 € e ano 2008 : 240.000,00 €

4º.- Aprobar a tramitación do expediente como anticipado de gasto.

5º.- Comprometerse a consignar, ó respecto, nos presupostos do 2007 e 2008 crédito suficiente por importe de 690.000,00 € cada ano para facer fronte ó gasto.

6º.- Convocar a subhasta para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

#### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

#### **28(45).- MODIFICADO Ó PROXECTO DE EXECUCIÓN DE VESTIARIOS NO CAMPO DE FÚTBOL SALA SAN XOÁN POLO. Expte. 6458/333.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 9.11.06, conformado pola concelleira delegada da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o MODIFICADO AO PROXECTO DE EXECUCIÓN DE VESTIARIOS NO CAMPO DE FÚTBOL SALA SAN XOÁN POULO, redactado polo arquitecto técnico municipal, D. Miguel A. Carrera Mouriño, e conformado polo enxeñeiro-xefe da Area de Servizos Xerais, D. Álvaro Crespo. Este Modificado, non supón ningún incremento adicional sobre o importe da licitación realizada no seu día pola Xunta de Goberno Local, que ascendeu a 60.000 €.

2º.- Encargar ao arquitecto técnico municipal, D. Miguel Angel Carrera Mouriño, a supervisión e control da obra: MODIFICADO AO PROXECTO DE EXECUCIÓN DE VESTIARIOS NO CAMPO DE FÚTBOL SALA SAN XOÁN POULO.

**29(46).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e trinta e catro minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez